

ARTE CONFESIONAL

OBRA: MAMÁ (*Maman*)

AUTOR: **Louise BOURGEOIS (1911-2010)**

CRONOLOXÍA: 1999

ESTILO: Arte confesional

LOCALIZACIÓN: Museo Guggenheim (Bilbao)

MATERIAIS: Bronce, mármore, aceiro inoxidable

DIMENSIÓN: 927x891x1023



Ao longo dunha carreira de case sete décadas, Louise Bourgeois creou unha obra rica e sempre innovadora que se entrecruzou con algúns dos principais movementos vangardistas do S.XX, como o Surrealismo, o Expresionismo Abstracto e o Posminimalismo, sen renunciar á súa propia visión creativa. Non deixou de traballar no seu imaxinario artístico particular ata practicamente o día da súa morte, aos 98 anos. Moi influenciada polas súas propias experiencias vitais, a súa infancia e o seu entorno familiar, a súa obra presenta un corpus creativo en centos de formatos, materiais e historias. Aínda que a obra de Bourgeois abarca a pintura, o debuxo, o gravado e a *performance*, a artista é máis coñecida polas súas esculturas, íntimas ou monumentais, nas que empregou diversos materiais, como a madeira, o bronce, o látex, o mármore e o tecido. A súa obra é moi persoal, con frecuentes referencias a unha dolorosa infancia marcada por un pai infiel e unha nai cariñosa pero cómplice da situación e, ao mesmo tempo, ten un carácter universal, xa que encara o reto de ser un ser humano.

Usou como ferramentas para o seu traballo o trauma, os medos, as súas iras, e os seus propios segredos. Poucos artistas hai tan honestos coma ela en canto a amosarse a si mesmos. O seu traballo é tan autobiográfico e sen pudor que asusta. Facer arte ten, segundo ela, un efecto curativo, entendendo a arte como terapia. A súa biografía fala dun pai mullereiro que amaba a todas menos a ela e, ademais tiña case o seu nome, Louis Bourgeois. Estudou matemáticas porque necesitaba leis inmutables na súa vida e cando ela tiña 18 anos esa figura paterna, á vez ausente e presente, faleceu. Era un pai galerista que se burlaba da arte moderna, e fixo que a súa filla deixase a carreira matemática e se enfocase niso, utilizando as infidelidades do pai como inspiración. O seu impulso creativo parecía atoparse nos seus traumas da infancia e baseou os seus temas principais na crueza das emocións, traducidas en materiais orgánicos (madeira, fío, papel) e tamén materiais industriais reciclados (cristal, caucho, bronce). Usou tamén materiais rexeitados polo océano que ela reciclaba para crear arte.

Como escultora viu que podía trasladar maxicamente o inmaterial en materia e, seguindo esa alquimia, mesturou o seu cóctel de relacións humanas, maternidade, sexo, represión e dor. Explotou a memoria, o sexo, a inseguridade e o corpo feminino como ferramentas e materiais para a súa obra que ía evolucionando ao longo do S.XX. Ao final dos seus días referíase á súa arte como unha secuencia de días e circunstancias relacionadas entre si, e dividiu o seu traballo en tres etapas: unha obra temperá na que quixo representar “o medo a caer”, outra na que xa era consciente de que podía elaborar “a arte de caer”, e a obra final que ela denominou “a arte de aguantar”.

As obras de Louis Bourgeois son relatos persoais que se estenden a toda humanidade, exhibindo case de xeito impúdico os seus sentimentos máis fondos para chegar ao máis íntimo do espectador. As súas famosísimas arañas, as súas perturbadoras celas e os seus poéticos e inquietantes gravados conforman unha traxectoria ampla e única, que transcende as fronteiras da razón e a cultura para acadar o eu íntimo de quen as contempla e entra nelas.

COMENTARIO

A mediados da década de 1990, Bourgeois explora unha das súas obsesións: a araña como nai, depredadora e tecedora. Acudindo de novo aos referentes da súa infancia (os teares, a nai enferma e á vez protectora) e xa octoxenaria, a artista empeza a deseñar esculturas con forma de araña que son á vez terribles e fráxiles, destrutoras e vítimas. Para ela, a araña representaba “a intelixencia, a produtividade e a protección”. Crea esculturas monumentais e a moi pequena escala; son seres case mitolóxicos coa misión de reconstruír e restaurar. Ela mesma dixo: “Veño dunha familia de reparadores”, “A araña é unha reparadora. Se rompes a súa tea de araña, non se altera. Tece e repáraa”.

Mamá (Maman), de 9 metros de altura, é unha das esculturas máis ambiciosas de Bourgeois e pertence a unha serie inspirada na araña, motivo que apareceu por primeira vez en debuxos realizados pola artista na década de 1940 e ocupou un lugar central na súa obra durante a década de 1990. As arañas, que Bourgeois presenta como unha homenaxe á súa nai, que era tecedora, poñen de manifesto a duplicidade da natureza da maternidade: a nai é protectora e depredadora ao mesmo tempo. A maternidade é o tema central da obra e pon de manifesto a duplicidade e a ambigüidade. A araña utiliza tanto a seda para fabricar o casulo como para cazar a súa presa, así que a maternidade encarna fortaleza e fragilidade. Estas ambigüidades vense reflectidas nesta *Mamá* xigantesca, que se sostén pesada e, á vez, lixeira sobre unhas patas que semellan arcos góticos e que funcionan ao mesmo tempo como gaiola e como guarida protectora dunha bolsa chea de ovos que se atopan perigosamente adheridos ao seu abdome. A araña provoca pavor e medo pero a súa gran altura, sorprendentemente equilibrada sobre unhas lixeiras patas, transmite unha vulnerabilidade case conmovedora. A maternidade pode ser fráxil e forte ao mesmo tempo, sentimentos complicados que presenta a nai cara aos seus fillos e os fillos cara a nai e a protección que os rematará debilitando para defenderse na vida.

Cando preguntaban a Louise Bourgeois o significado da súa obra respondía: “É unha oda a miña nai, ela era a miña mellor amiga”. A *Mamá* envolta en seda fía, tece, coida, protexe segredos, e nos inqueda. A nai da artista nunca puido ver a súa obra. “As miñas obras son unha reconstrución do pasado. Nelas o pasado fíxose tanxible, pero ao mesmo tempo están creadas coa fin de esquecer o pasado, para derrotalo, para revivilo na memoria e posibilitar o seu esquecemento”.

Mamá non é unha obra única. A primeira escultura creouse en aceiro en 1999 como parte da instalación inaugural dunha sala da Tate Modern de Londres. Esta serviría de modelo para crear as seguintes edicións de bronce. A que nos ocupa é a segunda escultura de bronce da serie. Os materiais que utiliza dan moita información xa que a artista utiliza os materiais como símbolos, como linguaxe para comunicarse co espectador. En *Mamá* utilizou bronce, nitrato de prata, aceiro inoxidable e mármore. O bronce é unha mestura de cobre e estaño, a primeira aliaxe artificial da historia, polo que é o material escultórico de maior tradición na arte. Tanto o cobre como o bronce son materiais valiosos e dotan de valor, polo que os utiliza para representar á súa nai. O segundo material é o nitrato de prata, utilizado como pátina para recubrir a escultura. Ao aplicar esta pátina sobre o bronce, parte desta prata oxídase e ennegrecese, sobre todo nas zonas afundidas, o a outra mantén o brillo metálico. Xérase un efecto de claroscuro. O resultado é unha araña que se corresponde coa imaxe platónica dunha araña. De novo é utilizar un material valioso para representar á nai. O aceiro inoxidable cumpre unha función estrutural, non estética. E, por último, utiliza o mármore, material que é máis difícil de observar e frecuentemente pasa desapercibido. Debemos situarnos debaixo da escultura e alzar a vista para ver o abdome de malla metálica dentro da cal podemos albiscar unhas pedras ovaladas de mármore. De tódolos materiais utilizados, o mármore é o único que atopamos libre na natureza, que non foi manufacturado. O mármore é un material branco e virxinal, polo que Bourgeois o utiliza para simbolizar aos fillos. Deste xeito, a artista converte a súa nai en araña, converténdoa en icona da maternidade, unha icona totalmente real, unha realidade á vez escura e brillante.